

Laínkmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 3 DE XULLO DE 2015. NÚM. 7/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).

D. MIGUEL Ángel MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).

D. NICOLÁS GONZALEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).

D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ. (BNG).

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS. (P.P).

D^a. MARIA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P).

D^a. MARIA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P).

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P).

D^a. MARIA JOSÉ BATÁN MOURIÑO. (P.P).

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (P.P).

D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (P.P).


D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P).

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P).

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.



ÍNDICE:

- 1.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....páx. 2
- 2.- Resolucións da Alcaldía de nomeamentos de tenentes e Alcalde, de membros da Xunta de Goberno Local, de delegación na Xunta de Goberno Local e nos distintos concelleiros: Dación de conta.....páx. 3
- 3.- Proposta da Alcaldía de nomeamento de representantes municipais nos distintos organismos públicos, de establecemento do réxime de sesións ordinarias do Pleno, de creación de Comisións Informativas e de establecemento do réxime de dedicacións exclusivas.....páx. 10
- 4.- Proposta da Alcaldía de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.....páx. 17
- 5.-Proposta da Alcaldía de establecemento do réxime de dedicacións dos concelleiros e de establecemento do réxime de indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos colexiados.....páx. 19
- 6.- Proposta da Alcaldía para a modificación e establecemento do réxime retributivo do persoal eventual do Concello de Lalín.....páx. 23

=====

Sendo as dez horas do **venres, día 3 de xullo de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, e os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Non asiste a Interventora Xeral D^a. Marta Oviedo Creo.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

O Sr. Presidente deu conta das seguintes resolucións:

1.1.- DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL.

O Sr. Alcalde-Presidente deu conta do Decreto ditado con data **16 de xuño de 2015** no que nomeou o persoal eventual, co seguinte texto:

DECRETO DA ALCALDÍA

Facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 h) e 104.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, o 41.14 d) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais disposicións concordantes, **DISPOÑO**:

Primeiro: Nomear a **D. Julio César Carracedo Pose**, con DNI núm. **32.842.079-B**, **Secretario Prensa Alcaldía**, en calidade de persoal eventual, asignándolle as retribucións consignadas no orzamento deste Concello, para a praza prevista coa mesma denominación dentro do apartado de persoal eventual.

Segundo: Nomear a **D. Daniel Santalla Silva**, con DNI núm. **44.092.144-V**, **Asesor da Alcaldía**, en calidade de persoal eventual, asignándolle as retribucións consignadas no orzamento deste Concello, para a praza prevista coa mesma denominación dentro do apartado de persoal eventual.

Terceiro: Suxeitar estes nomeamentos ao réxime xurídico especial de persoal de

confianza, regulado nos artigos 103 e seguintes da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e 176 e seguintes do Texto refundido de réxime local e demais disposicións concordantes.

Cuarto.- Este decreto terá efectos dende o día de hoxe, notificaráselle aos interesados, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e darase conta do mesmo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

O Concello Pleno quedou enterado.

1.2.- DECRETO DA ALCALDÍA RELATIVO AO ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Sr. Alcalde-Presidente deu conta do Decreto ditado con data **29 de xuño de 2015** no que se estableceu o réxime de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, co seguinte texto:

DECRETO DA ALCALDÍA

No uso das atribucións previstas no artigo 112.3 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases do réxime local, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Establecer como día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local os luns de cada semana ás dezasete horas e trinta minutos en primeira convocatoria.

Segundo.- Notifíquese aos membros da Xunta de Goberno Local e dese conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Concello Pleno quedou enterado.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DE MEMBROS DA XUNTA E GOBERNO LOCAL, DE DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOS DISTINTOS CONCELLEIROS: DACIÓN DE CONTA.-

2.1.- DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DE MEMBROS DA XUNTA E GOBERNO LOCAL.-

O Sr. Alcalde-Presidente deu conta do Decreto ditado con data **29 de xuño de 2015** no que se nomean aos Tenentes de Alcalde e aos membros da Xunta de Goberno Local, co seguinte texto:

DECRETO DA ALCALDÍA

No uso das atribucións que me confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e artigo 46 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, como parte do organigrama municipal deste goberno municipal para o presente mandato, dispoño:

PRIMEIRO.- Nomear e designar **Tenentes de Alcalde do Concello de Lalín**, que substituirán ó Alcalde-Presidente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, aos seguintes membros da Xunta de Goberno Local e polo seguinte orde:

- 1º Tenente de Alcalde: D. Nicolás María González Casares.
- 2º Tenente de Alcalde: D^a. Teresa Varela Fisteus.
- 3º Tenente de Alcalde: D^a. Lara Rodríguez Peña.

SEGUNDO.- Designar e nomear como **membros da Xunta de Goberno Local** deste Concello de Lalín ós seguintes:

Presidente: D. Rafael Cuíña Aparicio.
Vogais: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.
D^a. Teresa Varela Fisteus.
D. Tomás Vilariño Fidalgo.
D. Nicolás María González Casares.
D^a. Celia Alonso Caramés.
D. José Manuel Hermida Arias.
D^a. Lara Rodríguez Peña.

TERCEIRO.- Dese conta ó Concello Pleno na primeira sesión plenaria que se celebre, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, notifíquese ós interesados, surtindo efectos esta resolución dende o día de hoxe.

2.2.- DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA E GOBERNO LOCAL.-

O Sr. Alcalde-Presidente deu conta do Decreto ditado con data **29 de xuño de 2015** de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, co seguinte texto:

DECRETO DA ALCALDÍA

Consonte co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e no artigo 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, **DISPOÑO:**



PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do artigo 21.1 da Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime local, de 2 de abril:

b) Representar ao Concello.

f) O desenvolvemento da xestión económica e financeira de acordo co orzamento aprobado, en particular, a autorización, a disposición de gastos e o recoñecemento de obrigas de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

g) Aprobar a oferta de emprego público consonte o Orzamento e o plantel aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

h) Acordar o nomeamento e sancións de todo o persoal, salvo a separación do servizo dos funcionarios e o despedido do persoal laboral.

j) As aprobacións dos instrumentos de planeamento, de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

o) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

q) O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais llo atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

r) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

s) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lle asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

SEGUNDO.- Igualmente se delegan na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

1.- A concesión e denegación de licenzas urbanísticas e de prórrogas destas licenzas, respecto dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ese réxime de intervención municipal.

2.- A concesión e denegación de licenzas de actividade, incluídas as relativas á apertura de establecementos públicos e á organización de espectáculos públicos e actividades recreativas sometidas a ese réxime de intervención municipal.



3.- As declaracións de eficacia ou ineficacia das comunicacións previas urbanísticas e das prórrogas destas comunicacións, respecto dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ese réxime de intervención municipal.

4.- As declaracións de eficacia ou ineficacia das comunicacións previas de actividade, incluídas as relativas á apertura de establecementos públicos e á organización de espectáculos públicos e actividades recreativas sometidas a ese réxime de intervención municipal.

5.- A aprobación de informes previos á resolución de procedementos por parte doutras administracións públicas.

6.- A aprobación de informes urbanísticos.

7.- O inicio ou incoación dos procedementos de reposición da legalidade urbanística relativos ao exercicio de actividades sen licenza ou comunicación previa ou sen se axustar ás súas determinacións ou ao contido declarado, incluída a adopción da medida cautelar consistente na suspensión inmediata dos actos obxecto do procedemento.

8.- A resolución da totalidade dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

9.- A resolución de procedementos urbanísticos sancionadores, de declaración en situación de ruína (incluído o acordo de demolición total ou parcial), de ordes de execución, de caducidade de licenzas ou comunicacións previas e de modificacións das condicións e adopción de medidas correctoras respecto dos establecementos e actividades.

TERCEIRO.- Delegar as seguintes competencias previstas no apartado 1. da Disposición adicional segunda da Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

- As competencias como órgano contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- As competencias para a adxudicación das concesións sobre bens das entidades locais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

CUARTO.- Delegar a resolución dos recursos de reposición e reclamacións formuladas contra os actos ditados no exercicio destas delegacións.

QUINTO.- O presente decreto terá efectos dende o día de hoxe. Tramítase, dese conta ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

O Concello Pleno quedou enterado.

2.3.- DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS CONCELLEIROS.-

O Sr. Alcalde-Presidente deu conta do Decreto ditado con data **29 de xuño de 2015** de delegación de competencias nos Concelleiros, co seguinte texto:

DECRETO DA ALCALDÍA

Consonte o disposto no artigo 21.1, 2 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e no artigo 43.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro
DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Delegar as correspondentes competencias e facultades de dirixir xestionar, inspeccionar, sancionar e impulsar os servizos de cada área, incluída a representación do Concello no ámbito das mesmas, e incluída tamén a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, as seguintes Áreas nos Concelleiros Delegados ou membros da Xunta de Goberno Local seguintes, e agás as delegadas expresamente na Xunta de Goberno Local:

Área de **URBANISMO, VIVENDA, BENESTAR SOCIAL, SAÚDE PÚBLICA, EVENTOS DEPORTIVOS E XESTIÓN DO LALÍN ARENA**: D. Nicolás María González Casares.

Esta delegación inclúe todas as competencias municipais en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística e a promoción e xestión de vivendas. Exclúense desta delegación as ordes de demolición e execución, que corresponden á Xunta de Goberno Local. Inclúe esta delegación as seguintes competencias:

- O inicio ou incoación dos procedementos de reposición da legalidade urbanística, incluída a adopción da medida cautelar consistente na paralización inmediata das obras ou suspensión inmediata dos actos obxecto do procedemento. Exclúese desta delegación o inicio ou incoación dos procedementos de reposición da legalidade urbanística relativos ao exercicio de actividades sen licenza ou comunicación previa ou sen se axustar ás súas determinacións ou ao contido declarado.

- O inicio ou incoación de procedementos urbanísticos sancionadores, de declaración en situación de ruína, de ordes de execución, de caducidade de licenzas ou comunicacións previas e de modificacións das condicións e adopción de medidas correctoras respecto dos establecementos e actividades.

Así mesmo inclúe todas as competencias municipais no ámbito da protección da salubridade pública que corresponden ao Alcalde-Presidente na normativa vixente. Inclúe na súa totalidade os Servizos Sociais, as Garderías e os distintos programas relacionados coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, así como todo o relacionado coa atención aos emigrantes e inmigrantes.

Forman parte desta delegación as competencias derivadas da xestión, organización, funcionamento e actividades do Lalín Arena.

Área de **COMERCIO, EMPREGO, EDUCACIÓN E RÉXIME INTERNO**: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

Esta delegación inclúe os Obradoiros de Emprego, as Escolas-Taller e a tramitación e realización dos Cursos de Formación Ocupacional, aquelas iniciativas de promoción e impulso do comercio local e a creación de postos de traballo e a defensa de usuarios e consumidores. Inclúe ademáis a coordinación das relacións cos centros educativos

Área de **FACENDA, PATRIMONIO E CULTURA**: D^a. Teresa Varela Fisteus.

Esta delegación inclúe as competencias relacionadas co desenvolvemento da xestión económica de acordo cos orzamentos municipais nos aspectos que non se delegan na Xunta de Goberno Local.

Inclúe ademáis o servizo de cultura, a xestión dos museos municipais e o Pazo de Liñares o servizo de animación cultural, o servizo de organización e desenvolvemento dos eventos culturais deste Concello e o servizo da Biblioteca Municipal.

Área de **TURISMO E NOVAS TECNOLOXÍAS**: D. Tomás Vilariño Fidalgo.

Esta delegación inclúe todo o relacionado coa promoción e difusión no ámbito turístico de Lalín a nivel galego, nacional e internacional, así como as iniciativas municipais relacionadas coa implantación e xestión das novas tecnoloxías.

Área de **ACTIVIDADE E PRODUCCIÓN AGROGANDEIRA**: D^a. José Manuel Hermida Arias.

Esta delegación incorpora as competencias relativas á promoción do sector agrogandeiro de Lalín e as relacións coas asociacións e cooperativas agrarias.

Servizo de **INFRAESTRUTURAS RURAIS, ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E**



RELACIONES COS CLUBES DEPORTIVOS: D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

Esta delegación inclúe a realización das obras, alumeados, abastecemento de augas, saneamento, recollida de lixo e xestión dos centros sociais na zona rural, así como a coordinación cos distintos concelleiros de área para as obras nas parroquias do Concello.

Inclúe os servizos de organización e mantemento das instalacións deportivas municipais, o servizo de organización dos eventos deportivos municipais e as relacións cos clubs deportivos.

Servizo de MEDIO AMBIENTE, PARQUES E XARDÍNS, MULLER E IGUALDADE : D^a. Celia Alonso Caramés.

Esta delegación inclúe a protección do medio ambiente, a posta en marcha de medidas de aforro enerxético así coma o mantemento de parques e xardíns do Concello e todas as cuestións

relacionadas coa tenza de cans.

Así mesmo, inclúe a xestión do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria do casco urbano (incluíndo a parroquia de Donramiro e os Polígonos Industriais).

Inclúe ademáis os servizos do CIM e Igualdade.

Servizo de OCIO, XUVENTUDE, FEIRAS, MERCADOS E RELACIONES VECIÑAIS: D. Juan José Cruz García.

Esta delegación inclúe a organización e realización de festas, así como a autorización e concesión de licenzas municipais para a celebración de festas, a organización de feiras e mercados e as relacións coas comunidades veciñais. Tamén forman parte desta delegación as competencias en materia de xuventude (actividades, eventos, actos e casa da xuventude)

Todas as delegacións anteriormente expostas comprenden as facultades de resolución dos recursos de reposición e reclamacións que poidan ser presentados contra os actos administrativos ditados polos mesmos en exercicio das facultades delegadas no apartado anterior Primeiro do presente decreto.

O Alcalde resérvase as competencias non incluídas nas delegacións enriba citadas e expresamente asume as competencias en materia de ordenación de pagos, o establecemento, no seu caso, do plan de disposición de fondos da Tesourería e as facultades que lle corresponden á Alcaldía como claveiro da corporación.

Tamén se reserva as competencias en materia de tráfico, seguridade cidadá e seguridade nos Polígonos Industriais e protección civil (baixo a coordinación do Concelleiro Delegado de Infraestruturas rurais, actividades e instalacións deportivas e relacións cos clubs deportivos), así como as obras e reparacións no casco urbano, na parroquia de Donramiro e nos Polígonos Industriais, (en coordinación co Concelleiro Delegado de Urbanismo, vivenda, benestar social, saúde pública, eventos deportivos e xestión do Lalín arena). Así mesmo, resérvase as competencias en materia de alumeado público, saneamento, abastecemento de auga, no casco urbano, na parroquia de Donramiro e nos Polígonos Industriais.

SEGUNDO.- Delegar a sinatura desta Alcaldía na emisión de toda clase de certificados e informes administrativos de administración xeral, indistintamente nos seguintes concelleiros:

- D. Nicolás González Casares.
- D^a. Katia Margaret Procino Toimil.
- D^a. Teresa Varela Fisteus.
- D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

TERCEIRO.- O presente Decreto terá efectos dende o día de hoxe, notificarase ós designados, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e darase conta del ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS DISTINTOS ORGANISMOS PÚBLICOS, DE ESTABLECIMENTO DO RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO, DE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E DE ESTABLECIMENTO DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS.

Deuse conta da proposta da Alcaldía do Concello de Lalín. De seguido o Sr. Presidente explicou que había un cambio que se quería facer a modo de emenda á mesma proposta. No Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín quería que cada grupo tivese un representante. Antes había na proposta dous do PP, e agora quedaría un.

Polo BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** indicou que estaba de acordo coa emenda de modificación da proposta. Era de xustiza facelo e con ela buscábase que todos os grupos municipais estivesen representados, e logo implantar a proporcionalidade. Doutra banda sinalou que había cinco persoas designadas membros do Padroado Cultural de Lalín para o que non foi consultado. Entendía que o Padroado Cultural tería un curto recorrido, e vía máis conveniente gastar ese orzamento noutros fins.

Pola APAC, **D^a Lara Rodríguez Peña** sinalou que non tiña nada que dicir a maiores da proposta.

Desde a formación socialista **D. Nicolás González Casares** indicou que estaba de acordo coa emenda, destacando que se trataba de introducir cambios para que todos os grupos municipais estivesen representados no Padroado.

Polo PP, **D. José Crespo Iglesias** afirmou que en vinte e oito anos esta era a primeira ocasión en que exercía como oposición política en Lalín, tanto el coma o propio partido PP. Era bo exercer tamén como oposición. Era novo nesta situación.



Felicitou ao Sr. Alcalde por ter alcanzado a Alcaldía, algo que a el non lle sucedeu; nos vinte e cinco anos en que estivo de Alcalde ninguén da oposición lle felicitou por ter conseguido a Alcaldía.

Desde a Presidencia o seu titular, **D. Rafael Cuiña Aparicio** felicitou ao **Sr. Crespo Iglesias** polo seu novo cargo de xefe da oposición.

De novo **D. José Crespo Iglesias** indicou que o seu grupo quería introducir unha pauta de conduta distinta como oposición á que normalmente se exercía, agora que había un tripartito, e ver como poderá gobernar.

Desde o PP non querían opoñerse por opoñerse aos temase non o farían dun xeito sistemático. Apoiarían aquelas propostas cando lles pareza positivo e Lalín quede por enriba.

Sorprendéronse pola emenda, porque prexudicaba á oposición e beneficiaba ao BNG, paraatindo da actual representación, dez e un concelleiro respectivamente.

Aclarou este extremo o Sr. Presidente, indicando que se fixo coa única pretensión de que o BNG non quedase fora deste organismo, garantindo que todos os grupos estivesen representados.

De novo **D. José Crespo Iglesias** sinalou que o PP con dez concelleiros e cun 47,7 % dos votos tería igual representación que a APAC con un edil.

Unha vez máis o sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que chamaba a atención, pero o certo era que só se buscaba que todos estivesen representados no Padroado Cultural.

Continuou a falar **D. José Crespo Iglesias**. Indicou que nas composición das comisións informativas había unha proporción lóxica, porque era matemático.

Nos colexios públicos había dúas persoas que non eran concelleiros, e non lle parecía correcto que representasen ao Concello porque non eran edís, en concreto nos colexios Xesús Colmar e no Xoaquín Loriga de Prado.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada pola Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) do grupo CxLalín, tres (3) do PSdeG-PSOE, UN (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo aprobose a emenda.

Sometida a votación ordinaria a proposta coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) do grupo CxLalín, tres (3) do PSdeG-PSOE, UN (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningunha.

Abstencións: dez (10) do PP.

Por elo, o **PLENO ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Designar e nomear como vogais (art. 4 dos Estatutos) deste Concello de Lalín no **Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín** ás seguintes persoas:

- Cinco vogais elixidos entre os Concelleiros (art. 4 dos Estatutos):

- D^a. Teresa Varela Fisteus.
- D^a. Celia Alonso Caramés.
- D^a. Lara Rodríguez Peña.
- D. Xosé Manuel López Fernández.
- D. José Crespo Iglesias.

- Cinco persoas relacionadas e coñecedoras da problemática cultural do Concello (art. 4 dos Estatutos):

- D. Daniel González Alén.
- D. Ángel García Fernández.
- D^a. Miriam López Batán.
- D. Benxamín Otero Otero.
- D. Lorenzo Pérez Pedreira.

- Presidente: D. Rafael Cuíña Aparicio (art. 4.1. dos Estatutos).

- Vicepresidente: D. Juan José Cruz García (art. 4.1. dos Estatutos).

SEGUNDO.- Nomear como representante deste Concello de Lalín no **Consortio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes** ao Alcalde-Presidente ou a quen legalmente lle corresponda:

- D. Rafael Cuíña Aparicio.

TERCEIRO.- Nomear como representantes do Concello de Lalín na **Mancomunidade de Terras de Deza** a:

A) No Pleno (art. 9 dos Estatutos):

PARTIDO POPULAR (PP).

Titulares:

D. José Crespo Iglesias.
D. Antonio Rodríguez Rodríguez
D. José Antonio Rodríguez Fernández.

D. Camilo González Bodaño.

Suplentes indistintos: D. José Antonio Varela Quintela e D^a María Álvarez Paz.

COMPROMISO POR LALÍN-CONCELLOS TRANSPARENTES (CxG-CCTT).

Titulares:

D. Rafael Cuíña Aparicio.
D. Katia Margaret Procino Toimil.
D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

Suplentes:

D^a. Teresa Varela Fisteus.
D. Tomás Vilarinho Fidalgo.

PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA (PSdeG-PSOE).

Titular: D. Nicolás María González Casares.
Suplente: D^a. Celia Alonso Caramés.

B) Na Xunta de Goberno (art. 12 dos Estatutos):

Titular: D. Rafael Cuíña Aparicio.
Suplente: D. Nicolás María González Casares.

CUARTO.- Designar e nomear como representantes municipais nos distintos **centros docentes** do municipio de Lalín ás seguintes persoas:

- No Instituto de Educación Secundaria Ramón María Aller: D^a. Lara Rodríguez Peña.
- No Instituto de Educación Secundaria Laxeiro: D^a. Lara Rodríguez Peña.
- No Colexio de Educación Infantil e Primaria Xesús Golmar: D^a M^a Jesús Payo Negro.
- No Colexio de Educación Infantil e Primaria Joaquín Loriga de Prado: D. Celso Taboada Lorenzo.

- No Colexio de Educación Infantil e Primaria Manuel Rivero: D^a. M^a Dolores García Fernández.
- No Colexio de Educación Infantil e Primaria Varela Buxán de Cercio: D^a. Eva Prieto Rodríguez
- No Colexio de Educación Infantil e Primaria Vicente Arias de la Maza de Vilatuxe: D^a. Eva Prieto Rodríguez
- Na escola unitaria de Donramiro: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

QUINTO.- En relación ao réxime de sesións ordinarias do Concello Pleno, de conformidade co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro establécese como día de celebración das sesións ordinarias do Concello Pleno no **último XOVES de cada mes ás DEZ HORAS (10:00)**.

No suposto de que este día sexa festivo, a sesión ordinaria celebrarase o seguinte día hábil de dita semana, ou mesmo poderase cambiar a outra data, previo acordo dos voceiros dos catro grupos municipais.

SEXTO.- Designar como representantes ás seguintes persoas:

- Xunta Local de Sanidade: D. Nicolás María González Casares.
- Xunta Municipal de Ensino: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.
- Xunta Municipal de Extinción de Incendios: D^a. Celia Alonso Caramés.
- Xunta Municipal de Protección Civil: D. Miguel Ángel Medela Dobarro.
- Xunta Local de Seguridade: D. Rafael Cuíña Aparicio.

SÉTIMO.- Crear as seguintes **Comisións Informativas** coa denominación e co número que se indican de seguido:

Cada grupo municipal ten designado aos membros que lle correspondan (titulares e suplentes) en cada comisión informativa na seguinte proporción: 6 PP, 3 CxG-CCTT, 2 PSdeG-PSOE, 1 APAC e 1 BNG, para seren incluídos na acta da sesión plenaria.

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.-

Presidencia: D. Rafael Cuíña Aparicio
Presidencia Efectiva: D^a. Teresa Varela Fisteus.

Vogais titulares:

CxG-CCTT: D^a. Teresa Varela Fisteus.
CxG-CCTT: D. Juan José Cruz García.
PSdeG-PSOE: D^a. Celia Alonso Caramés.

Secretaría Xeral

PSdeG-PSOE: D. José Manuel Hermida Arias.
BNG: D. Xosé Manuel López Fernández.
APAC: D^a. Lara Rodríguez Peña.
PP: D. José Crespo Iglesias.
PP: D. Manuel Gómez Estévez.
PP: D. José Antonio Rodríguez Fernández.
PP: D^a. María José Batán Mouriño.
PP: D. Camilo González Bodaño. D^a. María
PP: D^a. Pilar López Carrón.

Suplentes:

CxG-CCTT: D. Tomás Vilariño Fidalgo, D^a. Katia Margaret Procino Toimil, D. Miguel Ángel Medela Dobarro.
PSdeG-PSOE: D. Nicolás González Casares.
PP: D^a. María Álvarez Paz, D^a. Paz Pérez Asorey, D. José Antonio Varela Quintela.

COMISIÓN DE ACONDICIONAMENTO, OBRAS E PLANIFICACIÓN TERRITORIAL, TRÁFICO E SEGURIDADE.


Presidencia: D. Rafael Cuiña Aparicio
Presidencia Efectiva: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

Vogais titulares:

CxG-CCTT: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.
CxG-CCTT: D. Juan José Cruz García.
PSdeG-PSOE: D^a. Celia Alonso Carames.
PSdeG-PSOE: D. José Manuel Hermida Arias.
BNG D. Xosé Manuel López Fernández.
APAC: D^a. Lara Rodríguez Peña.
PP: D. José Crespo Iglesias.
PP: D. Camilo González Bodaño.
PP: D. Antonio Rodríguez Rodríguez.
PP: D^a. María José Batán Mouriño
PP: D^a. María Álvarez Paz.
PP: D. Manuel Gómez Estévez.

Suplentes:

CxG-CCTT: D. Tomás Vilariño Fidalgo, D^a. Teresa Varela Fisteus, D. Miguel Ángel Medela Dobarro.



Secretaría Xeral

PSdeG-PSOE: D. Nicolás González Casares.

PP: D^a. Pilar López Carrón, D. José Antonio Rodríguez Fernández, D. José Antonio Varela Quintela.

COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, RÉXIME INTERIOR E ACTIVIDADE ECONÓMICA.-

Presidencia: D. Rafael Cuíña Aparicio

Presidencia Efectiva: D^a. Teresa Varela Fisteus.

Vogais titulares:

CxG-CCTT: D^a. Teresa Varela Fisteus.

CxG-CCTT: D. Juan José Cruz García.

PSdeG-PSOE: D. José Manuel Hermida Arias.

PSdeG-PSOE: D^a. Celia Alonso Carames.

BNG: D. Xosé Manuel López Fernández.

APAC: D^a. Lara Rodríguez Peña.

PP: D. José Crespo Iglesias.

PP: D. Manuel Gómez Estévez

PP: D. José Antonio Rodríguez Fernández.

PP: D^a. Paz Pérez Asorey.

PP: D. José Antonio Varela Quintela.

PP: D. Antonio Rodríguez Rodríguez.

Suplentes:

CxG-CCTT: D^a. Katia Margaret Procino Toimil, D. Tomas Vilariño Fidalgo, D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

PSdeG-PSOE: D. Nicolas González Casares.

PP: D^a. María José Batán Mouriño, D. Camilo González Bodaño, D^a. María Álvarez Paz.

COMISIÓN DE SAÚDE PÚBLICA, BENESTAR SOCIAL, ACTIVIDADE CIDADÁ, CULTURA E EDUCACIÓN.-

Presidencia: D. Rafael Cuíña Aparicio

Presidencia Efectiva: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

Vogais titulares:



CxG-CCTT: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

CxG-CCTT: D. Juan José Cruz García.

PSdeG-PSOE: D. Nicolás González Casares.

PSdeG-PSOE: D^a. Celia Alonso Carames.

BNG: D. Xosé Manuel López Fernández.



Secretaría Xeral

APAC: D^a. Lara Rodríguez Peña.
PP: D. José Crespo Iglesias.
PP: D^a. Paz Pérez Asorey.
PP: D^a. María Álvarez Paz.
PP: D^a. Pilar López Carrón.
PP: D. José Antonio Rodríguez Fernández
PP: D. José Antonio Varela Quintela.

Suplentes:

CxG-CCTT: D^a. Teresa Varela Fisteus, D. Tomas Vilariño Fidalgo, D. Miguel Ángel Medela Dobarro.
PSdeG-PSOE: D. José Manuel Hermida Arias.
PP: D. Camilo González Bodaño, D^a. María José Batán Mouriño, D. Manuel Gómez Estévez.

Réxime de sesións ordinarias das Comisións Informativas: Establécese como día de celebración das sesións ordinarias mensuais tódolos **luns anteriores á celebración da sesión plenaria ás 17:00 horas.**

Cando coincida en día festivo, trasladarase ao día anterior ou ao día seguinte ou a calquera outra data, previo acordo dos voceiros dos catro grupos municipais.

OITAVO.- Nomear como representantes deste Concello de Lalín no **Grupo de Desenvolvemento Rural Terras do Deza** ás seguintes concelleiras:

- Titular: D^a. Celia Alonso Caramés.
- Suplente: D^a. Katia Margaret Procino Toimil.

NOVENO.- Nomear como representante deste Concello de Lalín na **Fundación Laxeiro** a D. Nicolás María González Casares.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO.

Deuse conta da proposta do Sr. Alcalde do Concello de Lalín. Defendeu a proposta indicando as delegacións que comprendía a mesma.

Desde o BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** indicou que votaría negativamente a proposta. Entre os motivos estaba que a delegación do Pleno na Xunta de Goberno sustraía ao coñecemento e ao debate do Pleno temas e debates interesantes e importantes para Lalín.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** indicou que a actuación do grupo de goberno pretendía ser todo o transparente que puidera. Lembrou que antes os concelleiros da



oposición non podían facer fotocopias e se lle poñían moitas dificultades para ter acceso á información. Agora si que poderían ter acceso as fotocopias dos expedientes, pero sempre daqueles documentos que o Sr. Secretario indique que poidan ser fotocopiados conforme á normativa vixente.

De novo **D. Xosé Manuel López Fernández** indicou que votaría non.

Polo grupo municipal do PP, **D. José Crespo Iglesias** pediu claridade nos debates, e quería saber como se ían desenvolver, se en dous ou máis turnos. Dixo que “*benvidos ao tema, fan igual ca min e que o PP neses vinte e cinco anos*”. Vaciábase o Pleno e criticábanos por elo. Agora facíase o mesmo. Absteríanse porque el estaba de acordo e se exercera o cargo, faría o mesmo.

A Presidencia, **D. Rafael Cuña Aparicio**, dirixiuse ao **Sr. Crespo Iglesias** para dicirle que el entendía as cousas á primeira, e non era necesario que reiterase o mesmo en tantas ocasións. Sobre a súa situación, indicou que o Sr. Crespo Iglesias estaba noutro lugar, referíndose ao libro de *Julio Verne* “De la tierra a la luna”.

De novo **D. Xosé Manuel López Fernández** do BNG indicou que seguiría votando non.

Tamén desde o PSdeG-PSOE, **D. Nicolás González Casares** dixo que o Sr. Crespo estivo vinte e oito anos no Concello, e cando isto pasaba, el tiña 14 anos. Non tiña constancia desas críticas ás delegacións, alomenos non foron dos últimos mandatos e desde logo non estaban por escrito. Si houbo críticas do seu grupo ao grupo de goberno popular no seu día pola falta de transparencia, e en concreto polas dificultades para ter acceso á información, que mesmo poñía policía e funcionarios para vixiar aos edís da oposición que querían consultar os expedientes.

Finalmente **D. José Crespo Iglesias** dixo que era certo que había esas críticas, e saían a relucir cada vez que había un debate por moitos temas. Daquela dicían o que el agora manifestaba. Estaba de acordo porque era mais operativo. Rematou sostendo que o goberno municipal facía exactamente o mesmo que el fixo.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE un (1) da APAC.

Votos en contra: un (1) do BNG.

Abstencións: Dez (10) do PP.

Por elo, o **Pleno da Corporación APROBOU a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:**

Por razóns de eficacia e maior celeridade na resolución de determinados asuntos de interese resulta aconsellable que o Pleno da Corporación delegue na Xunta de Goberno diversas

Secretaría Xeral
atribucións que ten legalmente asignadas co expreso carácter de delegables.

Xa que logo, consonte o disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1085, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, o Pleno da Corporación o Pleno **ACORDOU**:

- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias e atribucións:

- 1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- 2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- 3.- A resolución de reclamacións, alegacións e recursos de reposición contra actos ditados pola Xunta de Goberno, obxecto destas delegacións.
- 4.- As demais que expresamente lle confiran ao Pleno as leis e sexan delegables.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE DEDICACIÓN DOS CONCELLEIROS E DE ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Deuse conta pola Presidencia desta proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015. o Sr. *Secretario* procedeu á lectura da mesma.

Na rolda de intervencións **D. Xosé Manuel López Fernández**, do BNG, adiantou o voto positivo, polo adelgazamento da administración política no Concello. Vía positiva esa medida, aínda que ao final as dedicacións exclusivas eran tres e non dúas e media.

Por alusións o Sr. Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que non se subiría, e custarían menos que a anterior.

Desde a APAC **Dª. Lara Rodríguez Peña** dixo que se abstería, aínda que custarían menos aos veciños que os do goberno anterior.

Polo grupo socialista **D. Nicolás González Casares** sinalou que votarían si. O custo resultante sería inferior ao do anterior goberno. Aforrábase uns sesenta e tres mil euros dunha parte e outros vinte e cinco mil euros doutras. En total eran máis de oitenta mil euros menos. No que se refería á súa dedicación, referíanse a mi. El tivo dúbidas grandes, tendo en conta o seu traballo, custaríalle cartos e perdería en relación co mesmo. Non estivo seguro, e coidaba que ao mellor non era así toda a lexislatura. Lembrou que foi o primeiro político que publicou antes de tomar posesión a súa declaración de bens, e agora tamén. Custarían cartos. Aínda que inicialmente non quixo, o PSOE e o Sr. Alcalde esixíronselle que collese esa dedicación exclusiva. Aínda así, o goberno sería o máis barato da comarca e mesmo doutras como era a comarca de Tras os Montes.

A concelleira delegada de facenda **Dª Teresa Varela Fisteus** recoñeceu que o dito edil non quería ter asignación económica, e na primeira reunión que houbo no Concello, o grupo pediullo.



No turno do PP. **D. José Crespo Iglesias** salientou que os toros víanse dun xeito ou doutro, segundo onde se estea na praza. Os políticos estaban en xeral mal pagados. Estaba de acordo en que o edil socialista non perdera cartos, pero este era un tema no que a oposición dá caña por isto. Había concellos en que o Alcalde cobraba uns mil euros. Non se vai forrar. A suba nas Comisión Informativa foi de sesenta a noventa, cando na Xunta de Goberno non se tocan, e no Pleno non se nota, e tamén terían que subirse. Criticou o aforro xa explicado, xa que dos oitenta mil euros de aforro, fronte aos cento vinte mil dos de agora máis as asistencias. Os membros do gabinete eran dous agora e antes eran catro, pero aquí se metía a dedicación de **D. Salvador Rodríguez**, porque aínda que non cobrou como tal asesor seguiu a facer o seu traballo como asesor xurídico; é dicir seguía a traballar no mesmo aínda que non o asinaba.

En canto ao Padroado non estaba de acordo polo xa dito.
Estaba a favor dos gastos dos políticos, aínda que non coas dietas.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que o goberno actual era máis reducido que o anterior e tiña que custar forzosamente menos. Lembrou que tanto el coma o edil de medio rural levaban a traballar desde que tomaron posesión e todos os días entre catorce e quince horas, porque eran menos edís que o anterior. Doutra banda os datos do menor custo eran públicos; era público que el non tería coche oficial. En suma, o que era medible non era opinable, e o novo goberno municipal era máis barato que o anterior. Entraban novos tempos políticos no goberno e na sociedade. Entendía que algún partido non estivese de acordo co novo plantexamento, porque tiña un custo político e mediático. Esperaba que nos vindeiros catro anos isto fose unha boa sinal para a democracia.

Desde a formación socialista **D. Nicolás González Casares** dixo que vía ao Sr. **Crespo Iglesias** ben na oposición, e distinto.

Rematou **D. José Crespo Iglesias** indicando que había poucos concellos en Galicia nos que a oposición votase a favor dos soldos dos políticos. O seu grupo coidaba que debía ser así, para que houbera un goberno que puidese gobernar.

Consta unha Emenda de modificación da proposta da Alcaldía de 1 de xullo de 2015 que se propón incrementar as asistencias como indemnizacións ás Comisión Informativa de 60,00 € a 90,00 € e aprobar unha asignación fixa anual de 3.000 € ano a cada grupo municipal e outra asignación de cen euros máis por cada concelleiro con que conte o grupo político.

Pola Alcaldía, tendo en conta o informe de Intervención no sentido de que agora non procede nin é posible aprobar a segunda parte da moción coa normativa vixente e coa actual realidade orzamentaria, retirouse do debate a segunda parte desta emenda de modificación da proposta.

Sometida a votación ordinaria a primeira parte da emenda presentada pola Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

-20-



Por **UNANIMIDADE dos asistentes aprobouse a dita Emenda.**

Sometida a votación ordinaria a proposta coa emenda xa incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, e dez (10) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) da APAC.

Por elo, o Pleno da Corporación **APROBOU** a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 do seguinte tenor:

Dentro do marco regulado pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ó comezo de cada mandato debe establecerse o número, características e réxime retributivo dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e parcial, sendo o Pleno da Corporación o órgano competente para fixar, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

En virtude do exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

PRIMEIRO: ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS DOS CONCELLEIROS:

DEDICACIÓN EXCLUSIVA: en atención á responsabilidade e á necesidade da completa dedicación ó exercicio do cargo, **declarar que as funcións inherentes ós seguintes cargos se desempeñen en réxime de Dedicación Exclusiva:**


- **Alcaldía.**

- **1º Tenente de Alcalde e Concellería delegada de Urbanismo, Vivenda, Benestar Social, Saúde Pública e xestión do Lalín Arena.**

- **Concellería delegada de Infraestruturas Rurais, Actividades e Instalacións Deportivas e relacións cos Clubs Deportivos.**

A tal efecto, propónse que se lle asigne ó cargo de **Alcalde** a mesma retribución que se aprobara ao inicio do anterior mandato polo Pleno da Corporación e que ascende a **47.227,20 € anuais.**

Así mesmo, en atención á responsabilidade e dedicación total, propónse establecer para o



cargo de **1º Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Vivenda, Benestar Social, Saúde Pública e Xestión do Lalín Arena** unha retribución de **46.227,20 € anuais**.

Por último, propónse asignar ó cargo de **Concelleiro delegado do Servizo de Infraestruturas Rurais, Actividades e Instalacións deportivas e relacións cos Clubs deportivos** unha retribución de **28.000 € anuais**.

As citadas retribucións brutas anuais, por dedicación exclusiva, percibiranse en catorce pagas anuais de igual importe (doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as

dúas restantes nos meses de xuño e decembro) e experimentarán cada ano a variación que fixe a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o persoal ó servizo das Administracións Públicas.

O presente acordo de dedicacións exclusivas terá os seus efectos legais a partir do día da súa aprobación polo Pleno da Corporación.

SEGUNDO: ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS.

Respecto do réxime de asistencia a sesións do Pleno da Corporación, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas, **esta Alcaldía propón modificar** o importe das indemnizacións fixadas na **Base 24 das de Execución do Orzamento municipal vixente**, que quedaría redactada nos seguintes termos:

“Base 24. b) Indemnizacións. *As indemnizacións por asistencias a órganos colexiados do Concello de Lalín, quedan fixadas nas seguintes contías segundo o órgano de que se trate:*

- O Pleno da Corporación: 130,00 €
- A Xuntas de Goberno: 110,00 €
- A Comisións Informativas: 90,00 €

Só se percibira unha asistencia ó Pleno ou a Xunta de Goberno por día, inda que nun mesmo día teñan lugar máis dunha sesión do mesmo órgano. As asistencias ás Comisións informativas abonaranse tendo en conta as sesións ás que se asista, con independencia de que coincidan nun mesmo día”.

Así mesmo, e coa finalidade de suprimir as indemnizacións por asistencias a sesións dos órganos colexiados do Padroado Cultural de Lalín, **propónse derogar e eliminar o seguinte parágrafo do apartado b) da Base 24 das de Execución do Orzamento municipal vixente:**

“As indemnizacións por asistencias ás sesións da “Comisión Executiva” do Padroado

Cultural de Lalín establécese en 90,15 € por cada asistencia e en 60,10 € cada asistencia ó “Consello de Administración” deste Organismo Autónomo”.

Os restantes apartados da Base 24 quedan redactados nos mesmos términos vixentes.

Se ben a aprobación da presente proposta supón un incremento das indemnizacións fixadas por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno de 10 € e de 20 € para as sesións das Comisións Informativas, non obstante esta suba verase compensada coa baixa no número de Comisións Informativas que se propón crear no presente mandato, que se reducen de 6 a 4.

Ao mesmo tempo, a eliminación de indemnizacións por asistencias a sesións dos órganos colexiados do Padroado Cultural suporá un importante aforro nos custos a asumir con cargo ó orzamento do citado organismo.

A aprobación da presente proposta conleva a modificación das Bases de Execución do Orzamento do exercicio en curso, polo que debe someterse ó trámite de exposición pública por espazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial de la Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. (art. 169.1 TRLRFL e art. 20.1 R.D. 500/90), debendo éste resolvelas no prazo de un mes (art. 169.1 TRLRFL e art. 20.1 R.D. 500/90), considerándose definitivamente aprobado se non se tiveran presentado reclamacións. Por último, definitivamente aprobada a modificación proposta, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor a partir dese momento.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A MODIFICACIÓN E RÉXIME RETRIBUTIVO DO PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LALÍN. -

O Sr. Presidente deu conta desta proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015. De seguido o Sr. Secretario explicou a mesma.

No turno de intervencións **D. José Crespo Iglesias**, do PP, indicou que estaban a favor da proposta, porque coidaba que en todo goberno municipal tiña que haberen persoal de confianza do mesmo. O soldo era lóxico, xa que se traballaban o merecerían. Non obstante sinalou que lle parecía que o xefe de prensa que era de fora tiña que ser de Lalín, pedindo ao grupo de goberno se non había xente capacitada en Lalín e non traela de fora.

Contestoulle o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, sinalándolle que estiveron buscando aquí en Lalín e non atoparon unha persoa para ese posto; non obstante indicou que o seu grupo de empresas familiar creou máis de catrocentos postos de traballo. *Cantos creou vostede?*, preguntoulle.

A maiores indicou que tendo en conta que estaban a buscar xente para vivir en Lalín e empadroala para que aumento o censo, era positivo esta contratación.

Desde o BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** dixo que estaba a favor da contratación, se ben pediu que non se duplicasen as funcións dos mesmos.

Finalmente **D. Nicolás González Casares** do grupo socialista afirmou que con estas contratacións o aforro era evidente e o esforzo do goberno tamén. Indicou que *César Carracedo* era un excelente profesional, aí estaba o seu currículo, e de *Daniel Santalla* indicou que era o seu primeiro salario, e confiaba en que fora positivo.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a mesma e **APROBOUSE** a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) e 104.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do artigo 41.14.d) do Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais disposicións concordantes, por Decreto desta Alcaldía de data 16 de xuño dispuxen nomear a *D. Julio César Carracedo Pose* e a *D. Daniel Santalla Silva*, respectivamente, Secretario de Prensa da Alcaldía e Asesor da Alcaldía, en calidade de persoal eventual, asignándolles as retribucións consignadas no orzamento deste Concello para as prazas previstas coa mesma denominación dentro do apartado de persoal eventual do cadro de persoal do Concello de Lalín.

Respecto do número e réxime do persoal eventual, o artigo 104.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón:

“O número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Presupostos anuais”

Complementando o anterior, a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, introduciu na Lei 7/1985 o artigo 104. bis, segundo o cal *“as dotacións de postos de traballo dos que a súa cobertura corresponda a persoal eventual nos Concellos deberán axustarse ós seguintes límites e normas: (...) d) Os Concellos de municipios con poboación superior a 20.000 e non superior a 50.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder de sete”*.

En virtude do exposto, con ocasión da convocatoria do pleno organizativo deste novo mandato, o **Pleno da Corporación ACORDOU a modificación do número e réxime retributivo do persoal eventual do Concello de Lalín, segundo se expresa a continuación:**

Primeiro: Manter a denominación e réxime retributivo do posto de Secretario de Prensa Alcaldía.

Segundo: Modificar o réxime retributivo do posto de Asesor da Alcaldía, fixando as súas retribucións na seguinte contía bruta anual:

Soldo base: 11.508,24 €.
Complemento: 4.900,00 €.

Esta retribución aplicarase a partir do primeiro día natural do mes posterior ó da entrada en vigor da modificación do cadro de persoal eventual deste Concello.

O soldo base dos postos de traballo de persoal eventual equipárase ó establecido pola Lei de Presupostos Xerais do Estado para os funcionarios do Grupo A1 (para o posto de Secretario de Prensa Alcaldía) e Grupo B (para o posto de Asesor da Alcaldía), distribuíndose por mensualidades nas contías fixadas para os funcionarios dos citados grupos pola mesma Lei.

Terceiro: Eliminar e amortizar os postos de persoal eventual de Asesor de Concellerías Delegadas e o de Coordinador de Réxime Interno e Asesoramento.

A aprobación desta proposta supón reducir de 4 a 2 o número de postos de persoal eventual, quedando moi por debaixo do límite imposto pola normativa en vigor.

A presente proposta conleva a modificación do cadro de persoal aprobado xunto co Orzamento do exercicio en curso, polo que debe someterse ó trámite de exposición pública por espazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial de la Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. (art. 169.1 TRLRFL e art. 20.1 R.D. 500/90), debendo éste resolvelas no prazo de un mes (art. 169.1 TRLRFL e art. 20.1 R.D. 500/90), considerándose definitivamente aprobado se non se tiveran presentado reclamacións. Por último, definitivamente aprobada a modificación proposta, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor a partir dese momento.

E, sendo as once horas e dezasete minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuiña Aparicio

César López Arribas

